- *Dada a antigüidade das NSPM vixentes apréciase claramente unha importante incongruencia coa realidade actual deste solo reservado para o equipamento público existente (Nave do Senpa) e dos usos e actividades que se veñen desenvolvendo nos derradeiros anos sen que se regularizara urbanisticamente esta situación no documento normativo: os usos urbanísticos de tipo dotacional e propios dun equipamento municipal cos que na actualidade conta a nave, non están contemplados na ordenanza industrial de aplicación xa que esta os vincula á actividade industrial.*
- *Considérase polo tanto que para regularizar a situación urbanística deste equipamento e permitir incluso a implantación doutros novos usos dotacionais de interese público e social, procede o cambio de uso específico deste equipamento de xeito que o uso dotacional xa admitido pola Ordenanza de aplicación se estenda ao seguinte:*
  - o *Dotacional: todos os graos*
- *Este cambio de uso referirase exclusivamente aos terreos destinados a este equipamento sen que en ningún caso poida supoñer unha alteración das condicións de uso xeral da Ordenanza Industrial en outros terreos o ámbitos regulados pola mesma no planeamento.*
- *As NSPM definen o uso dotacional como "o correspondente a aqueles edificios ou espazos destinados a dotacións ou servizos de interese público e social, tales como os escolares (centros docentes, bibliotecas, etc.), deportivos (polideportivos, campos de xogos, piscinas, etc.), recreativos e de expansión (cines, teatros, salas de xogo, etc.), sanitarios e asistenciais (sanatorios, residencias, etc.), relixiosos (igrexas, centros parroquiais, etc.), administrativos (oficinas, despachos profesionais, etc.), e similares".*
- *En aplicación do disposto no artigo 42º.5 da LSG (art. 65º.7 do RLSG), o concello en Pleno, por maioría absoluta, e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se*



Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

Cod. Validación: 7Z34T5K5M7N7H6DNXSRDHKGZZ | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 15

*destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos. Considérase, polo tanto, que o cambio de uso proposto cumpre o establecido nesta disposición.*

- *Este cambio de uso non supón cambio na clasificación nin cualificación dos terreos manténdose a actual, e dicir, a parte clasificada como solo urbano non consolidado segue tendo a mesma clasificación e a parte de solo clasificado como rústico mantense como solo rústico, sendo viables en calquera caso por aplicación directa do artigo 35º da LSG, os equipamentos e as dotacións no solo rústico. Así mesmo a Ordenanza de aplicación seguirá sendo a Ordenanza Industrial en tanto non se proceda a revisión ou modificación do planeamento.*
- *O cambio de uso tampouco supón a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio, non incide na ordenación territorial nin altera o aproveitamento urbanístico determinado na ordenanza de aplicación (edificabilidade) ou ás condicións de edificación establecidas na mesma, nin afecta aos terreos destinados a espazos libres ou zonas verdes, polo que non supón modificación do planeamento nos termos establecidos no artigo 83º da LSG (art. 200 do RLSG)*
- *En aplicación do disposto no artigo 46º en relación cos instrumentos de planeamento que serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica para a súa tramitación, os cambios de uso, tendo en conta ademais que non son en si mesmos figura ou instrumento de planeamento, non están sometidos a este tipo de trámite.*
- *O cambio de uso tampouco supón ningún tipo de alteración respecto das afeccións sectoriais existentes actualmente, nomeadamente, a existente pola proximidade da liña ferroviaria A Coruña-Palencia, que rexerase polo establecido pola correspondente e vixente lexislación sectorial.*

*Polo exposto, para que así conste aos efectos oportunos e salvo mellor criterio, considérase que o cambio de uso proposto resulta conforme coa lexislación urbanística vixente, respondendo ademais ao interese público e social."*

- Informe da arquitecta técnica municipal, relativo á modificación do uso urbanístico das parcelas S-2 e D-1 do parque empresarial, de data 5/06/2020, co seguinte tenor literal:

*"Vistos os antecedentes que constan no expediente así como as Ordenanzas Urbanísticas Municipais e demais disposicións legais urbanísticas vixentes, a técnico que subscribe realiza as seguintes consideracións:*

- *Conforme a normativa urbanística vixente as parcelas obxecto deste informe sitúanse en zona clasificada polas normas do Plan Parcial do Parque Empresarial como Solo Urbano e cualificadas como Dotacionais polo que segundo o establecido na disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, do solo de Galicia, a este tipo de solo, toda vez que cumpre as condicións establecidas no artigo 17.a) da dita Lei para ser considerado como solo urbano consolidado, se lle aplicará o disposto na mesma para o solo urbano consolidado, conservando ás disposicións vixentes nas normas do P.E., en todo o que non contradiga ao establecido na LSG.*
- *A parcela S-2 está cualificada como Sistema Interior B-2, Dotacional de Equipamento Social, coas seguintes condicións de uso: "O uso social alcanza aos locais destinados ao público para a vida da sociedade, tales como restaurantes, bares, servizos administrativos, culturais, sanitarios e de policía." De forma expresa permítese a instalación de báscula para pesaxe de vehículos. Ademais de estos usos, admítense tamén os seguintes: hoteleiro, reunión, de oficinas. Preverase unha praza de aparcamento por cada 100 m2 de edificación."*

*Dado que as normas do parque empresarial non están adaptadas nin a anterior Lei 9/2002 LOUGA, nin a vixente Lei 2/2016 LSG, considérase que algúns destes usos están desfasados respecto da lexislación urbanística actual e non estando sequera contemplados no Anexo I do Decreto 143/2016 RLSG como usos propios das dotacións e equipamentos, entendendo como tal "as instalacións e servizos destinados á satisfacción das necesidades*



Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

Cod. Validación: 7Z34T5K5M7N7H6DNXSRDHKGZZ | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 15

dos cidadáns" tal e como os define o dito regulamento. De feito na lexislación actual non se recollen como usos propios das dotacións ou equipamentos os restaurantes, bares ou os hoteleiros.

- A parcela D-1 está cualificada como Sistema Interior B-2, Dotacional de Parque Deportivo, coas seguintes condicións de uso: "Inclúen os locais ou edificios destinados á práctica, exhibición ou ensino de exercizos de cultura física ou deportes. Permítense as construcións necesarias tales como pavillóns cubertos, polideportivos, estadios, pisicinas, etc. e instalacións complementarias."

  Dado o emprazamento da parcela no parque empresarial, moi alonxado dos núcleos de poboación e polo tanto desligado da trama urbana, no parece ser o lugar idóneo para este tipo de equipamento, e proba de elo é que nas décadas transcorridas dende a execución do parque empresarial e a pesares da necesidade existente de equipamentos deportivos no concello, nunca se considerou unha localización idónea para estes usos.

- Considérase polo tanto que para permitir a implantación de outros usos dotacionais de interese xeral, procede o cambio de uso específico destes equipamentos que dean realmente resposta ás necesidades municipais de interese público e que sexan congruentes cos establecidos pola lexislación vixente e máis axeitados para o emprazamento destes terreos nun parque empresarial.

- Proponse, polo tanto, o cambio dos actuais usos dotacionais de seguinte xeito:

PARCELA S-2: DOTACIONAL DE EQUIPAMENTO SOCIAL:

Elimínanse os usos admitidos de "restaurantes, bares e hoteleiro" impropios das dotacións segundo a lexislación actual, mantendo os restantes e incorporando como usos admitidos os seguintes, dos recollidos no Anexo I do Decreto 143/2016 RLSG:

Servizos urbanos: aqueles que inclúen o conxunto de redes, instalacións e espazos asociados, destinados á prestación de servizos urbanísticos, como son os de captación, almacenamento, tratamento e distribución de auga, saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, recollida, depósito e tratamento de residuos, subministración de gas, enerxía eléctrica, telecomunicacións e demais servizos esenciais ou de interese xeral. (Anexo I, punto 3.4.b) do RLSG

Servizos públicos: aqueles que comprenden instalacións relacionadas con servizos públicos como protección civil, seguridade cidadá, cemiterios, prazas de abastos e outros análogos. (Anexo I, punto 3.4.d).6º do RLSG)

PARCELA D-1: DOTACIONAL DE PARQUE DEPORTIVO:

Mantense o uso existente propio do equipamento e incorpóranse como usos admitidos os seguintes, dos recollidos no Anexo I do Decreto 143/2016 RLSG:

Servizos urbanos: aqueles que inclúen o conxunto de redes, instalacións e espazos asociados, destinados á prestación de servizos urbanísticos, como son os de captación, almacenamento, tratamento e distribución de auga, saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, recollida, depósito e tratamento de residuos, subministración de gas, enerxía eléctrica, telecomunicacións e demais servizos esenciais ou de interese xeral. (Anexo I, punto 3.4.b) do RLSG)

Servizos públicos: aqueles que comprenden instalacións relacionadas con servizos públicos como protección civil, seguridade cidadá, cemiterios, prazas de abastos e outros análogos. (Anexo I, punto 3.4.d).6º do RLSG).

Deste xeito, dado que as parcelas non son de grande extensión -o cal pode ser impedimento para a implantación de instalacións das recollidas neste tipo de dotacións-, sería viable a agrupación de ambas, que son colindantes, por necesidades de implantación de algún destes servizos de interese público.

- En aplicación do disposto no artigo 42º.5 da LSG (art. 65º.7 do RLSG), o concello en Pleno, por maioría absoluta, e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se



Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

Cod. Validación: 7Z34T5K5M7N7H6DNXSRDHKGZZ | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 15

*destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos. Considérase, polo tanto, que o cambio de uso proposto cumpre o establecido nesta disposición.*

- *Este cambio de uso non supón cambio na clasificación nin cualificación dos terreos manténdose a actual, e dicir manténse a clasificación como solo urbano. Así mesmo mantense a cualificación das mesmas como dotacionais de equipamento social (parcela S-2) e parque deportivo (parcela D-1) respectivamente.*
- *O cambio de uso tampouco supón a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio, non incide na ordenación territorial nin altera o aproveitamento urbanístico determinado nas ordenanzas de aplicación (edificabilidade) ou ás condicións de edificación establecidas na mesma, nin afecta aos terreos destinados a espazos libres ou zonas verdes, polo que non supón modificación do planeamento nos termos establecidos no artigo 83º da LSG (art. 200 do RLSG)*
- *En aplicación do disposto no artigo 46º en relación cos instrumentos de planeamento que serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica para a súa tramitación, os cambios de uso, tendo en conta ademais que non son en si mesmos figura ou instrumento de planeamento, non están sometidos a este tipo de trámite.*
- *O cambio de uso tampouco supón ningún tipo de alteración respecto das afeccións sectoriais existentes actualmente, nomeadamente, a existente pola proximidade da N-VI, que rexerase polo establecido pola correspondente e vixente lexislación sectorial.*

*Polo exposto, para que así conste aos efectos oportunos e salvo mellor criterio, considérase que o cambio de uso proposto resulta conforme coa lexislación urbanística vixente, respondendo ademais ao interese xeral, público e social."*

-Informe xurídico de secretaría de data 5/06/2020.

Considerando a seguinte normativa específica de aplicación ao presente expediente:

- Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (NSPM) aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo en sesión do 12 de febreiro de 1985, coas posteriores modificacións puntuais e outras figuras de planeamento de desenvolvemento vixentes.
- Disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG) sobre o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado, mentres non se eleve a definitiva a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM, actualmente en tramitación, aprobado provisionalmente en sesión plenaria do 16 de marzo de 2016).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do Solo de Galicia (RLSG) mentres non se eleve a definitiva a aprobación do PXOM
- Para o Parque Empresarial, a Modificación Puntual das NSPM de Guitiriz aprobadas definitivamente polo Pleno Municipal, en sesión do 26 de setembro de 1996; o Plan Parcial de Parque Empresarial de Guitiriz, aprobado definitivamente polo Pleno Municipal o 29 de maio de 1997; e a Modificación Puntual do Plan Parcial do Parque Empresarial de Guitiriz, aprobada definitivamente polo Pleno Municipal o 24 de novembro de 2005.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.1. da Lei 7/85, do 2 de



Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

Cod. Validación: 7Z34T5K5M7N7H6DNXSRDHKGZZ | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 15

abril, de bases de réxime local.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Cambiar o uso urbanístico das seguintes parcelas municipais dotacionais de acordo co sinalado nos informes da arquitecta municipal transcritos anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 42º.5 da Lei do Solo de Galicia:

PARCELA NAVE MUNICIPAL DO SENPA (Ref catastral: 9615118NH8891N0001HB):

Cambio de uso específico deste equipamento de xeito que o uso dotacional xa admitido pola Ordenanza de aplicación se estenda ao seguinte:

Dotacional: todos os graos.

PARCELA S-2: DOTACIONAL DE EQUIPAMENTO SOCIAL.PARQUE EMPRESARIAL (Ref Catastral: 7221923NH8872S0001KF):

Elimínanse os usos admitidos de “restaurantes, bares e hoteleiro” impropios das dotacións segundo a lexislación actual, mantendo os restantes e incorporando como usos admitidos os seguintes, dos recollidos no Anexo I do Decreto 143/2016 RLSG:

Servizos urbanos: aqueles que inclúen o conxunto de redes, instalacións e espazos asociados, destinados á prestación de servizos urbanísticos, como son os de captación, almacenamento, tratamento e distribución de auga, saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, recollida, depósito e tratamento de residuos, subministración de gas, enerxía eléctrica, telecomunicacións e demais servizos esenciais ou de interese xeral. (Anexo I, punto 3.4.b) do RLSG

Servizos públicos: aqueles que comprenden instalacións relacionadas con servizos públicos como protección civil, seguridade cidadá, cemiterios, prazas de abastos e outros análogos. (Anexo I, punto 3.4.d).6º do RLSG)

PARCELA D-1: DOTACIONAL DE PARQUE DEPORTIVO. PARQUE EMPRESARIAL (Ref catastral: 7221924NH8872S0001RF):

Mantense o uso existente propio do equipamento e incorpóranse como usos admitidos os seguintes, dos recollidos no Anexo I do Decreto 143/2016 RLSG:

Servizos urbanos: aqueles que inclúen o conxunto de redes, instalacións e espazos asociados, destinados á prestación de servizos urbanísticos, como son os de captación, almacenamento, tratamento e distribución de auga, saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, recollida, depósito e tratamento de residuos, subministración de gas, enerxía eléctrica, telecomunicacións e demais servizos esenciais ou de interese xeral. (Anexo I, punto 3.4.b) do RLSG)



Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

Cod. Validación: 7Z34T5K5M7N7H6DNXSRDHKGZZ | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 15

> <u>Servizos públicos:</u> aqueles que comprenden instalacións relacionadas con servizos públicos como protección civil, seguridade cidadá, cemiterios, prazas de abastos e outros análogos. (Anexo I, punto 3.4.d).6º do RLSG).

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, e ordenar a súa publicación no BOP de Lugo e no DOG."

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do grupo PP di que vistos os informes xurídicos e o da técnica municipal e segundo a proposta da alcaldía nas parcelas e na nave do Senpa onde hai uns usos que se fan para o concello dende fai moitos anos, esa nave foi adaptada para servizos do concello.
Despois están as do parque empresarial, hai outro informe da arquitecta, que di que e solo urbano o da nave do Senpa, pero di que hai unha pequena parte que é rústico o terreo da nave.
A estes temas técnicos e urbanísticos non poñeremos impedimento a que se fagan estes cambios porque as veces estes cambios son moi necesarios como vemos na memoria en temas por exemplo de deportes ou outras actividades que se poidan desenvolver, e o cambio de clasificación non supón ningún impedimento para que se poidan cambiar. Tamén di a memoria que estas parcelas non son de suficiente tamaño e dimensión.
O que pretendemos dicir é que si se fai algún cambio dentro das actividades que se desenvolven na nave do Senpa que non se mesture todo (residuos, enseres) e que se faga unha boa clasificación e un bo cambio e que estas medidas se leven ao parque empresarial, que é onde deben estar e coas outras que se faga algo para o servizo dos veciños para que a xente poida ter un acceso mais directo a elas.

Dicirlle a Sra. Alcaldesa que nos dous plenos que levamos feito, este e o anterior, tenlle que agradecer ao Sr. Pereira todo o apoio que lle da.
Nós tamén imos a votar a favor, pero vemos que a este socio de goberno o ten moi favorecido, a nós gustaríanos contar tamén con esa información privilexiada que ten o Sr. Do Bloque porque nós tamén somos membros da corporación, do Partido Popular.

O voceiro do grupo BNG di que primeiro quere contestarlle ao portavoz do PP, eu non teño información privilexiada ningunha, pero cando as cousas son sensatas hai que estar de acordo, eu estou de acordo con todo aquelo que se faga ven para a veciñanza, si o fan mal tamén o digo. Si votei a favor é porque e lóxico un cambio de uso dos equipamentos das parcelas do polígono e da nave do Senpa que estaban sen actualizar.

O que si me gustaría saber é si os cambios estes son sobre as normas subsidiarias, entón agora mesmo sen recepcionar o PXOM, hai que comunicar isto a Consellaría de Medio Ambiente para que rectifique o PXOM?. Non sei si se lembran que o BNG non votou a favor do Plan Xeral, abstívose por cousas como estas, modificacións que xa hai que facer no Plan Xeral sen estar aínda publicado.



Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

Cod. Validación: 7Z34T5K5M7N7H6DNXSRDHKGZZ | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 15

Pero esta claro que dentro do que se quere facer, o cambio de uso das parcelas do poligono e a nave do Senpa, estamos totalmente de acordo.

O secretario di que queda aprobado unha vez que se publique o acordo, antes da publicación da aprobación do Plan Xeral e antes da entrada en vigor que ten que aprobarse primeiro no DOGA e as ordenanzas do Plan Xeral no BOP. Esto entra en vigor unha vez que se publique no BOP que podería ser dúas ou tres semanas como moito.

A Sra. Alcaldesa di que non sería necesario unha modificación especifica do Plan sobre isto, porque faise antes de que o Plan entre en vigor e esta modificación xa non é necesaria facela. Despois, posteriormente pódense facer outras modificacións no Plan e hai que seguir outro procedemento.
Isto tamén poderíase facer unha vez aprobado o Plan pero o procedemento é mais laborioso e longo, para evitar iso, facémolo agora, pero iso non implica que despois haxa que modificar o Plan, isto queda así e é o que vale, despois cando o Plan entre en vigor e cando se pode empezar a ver as modificacións necesarias para ir actualizando o mesmo.
Isto o que implica é que a partir de que se publique isto entra en vigor e si nós queremos facer algunhas das actuacións para as que facemos este cambio, tanto na nave como nas parcelas, xa se pode levar a cabo.

En canto ao que comentou o portavoz do PP, penso que xa contestou o Sr. Pereira, supoño que se refería a que na Comisión Informativa comentamos que vostede xa sabía de que ía, pero foi unha casualidade, porque o portavoz do BNG veu ao concello a falar comigo doutras cousas e unha vez metidos na conversación saíu o tema do Pleno e eu comenteillo, e dicir, neste caso non o chamei para comentarlle o que ía levar ao Pleno para ter o seu voto a favor, neste caso non foi así, que si fose tampouco pasaba nada.

En ultimo caso creo que son clara e falo as cousas e non teño ningún problema en falar con todo o mundo do que consideremos oportuno, tanto a iniciativa miña como de calquera membro da corporación.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que cando pase por diante do concello, terei a amabilidade de entrar a saudala e preguntarlle si ten algunha cousa que comentarme e así poder adiantarme ao Sr. Pereira e sabelo antes para asi poder gañar ao Sr. Pereira, sería unha satisfacción e orgullo para min.

O voceiro do grupo BNG di que nada máis, dicir que estamos de acordo co cambio. Dicirlle ao Sr. Teixido que pensaba que hoxe non ía vir ao Pleno, nin ningún membro do Partido Popular, pensei que ían pedir a dimisión polo que van a facer en Parga, dinlle aos veciños/as unha cousa e logo fan outra.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.**



Cod. Validación: 7Z34T5K5M7N7H6DNXSRDHKGZZ | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 15

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

Cod. Validación: 7Z34T5K5M7N7H6DNXSRDHKGZZ | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 15



Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178